

NOTA DE PRENSA

O MASTER EN SUPERCOMPUTACIÓN FORMA PROFESIONAIS PARA A INDUSTRIA E A INVESTIGACIÓN

- **UDC, USC e CESGA imparten conxuntamente o Master en Computación de Altas Prestacións.**
- **A industria demanda cada vez máis profesionais con formación específica en Computación de Altas Prestacións.**

Santiago, 14 de Xuño de 2011.- As técnicas de Computación de Altas Prestacións (HPC) tentan dar resposta a numerosos problemas de Ciencia e Enxeñaría que requiren o procesado de grandes cantidades de datos numéricos, reducindo os tempos de resolución e posibilitando o tratamento de problemas de maior complexidade. A implantación destas técnicas na industria é cada vez maior e consecuentemente, a necesidade da comunidade científica e a empresa de contar con expertos cunha formación específica para o tratamento de grandes volumes de datos, a simulación de procesos ou o modelado predictivo.

Hoxe o Presidente do CESGA e Director Xeral de I+D+i da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, Ricardo Capilla Pueyo, o Reitor da Universidade da Coruña, José María Barja Pérez, e o Reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Juan Casares Long, presentaron o **Master Interuniversitario en Computación de Altas Prestacións**, (HPC). Froito da colaboración entre a UDC, USC e CESGA, nace como resposta á demanda crecente de profesionais con este perfil en supercomputación, tanto para a industria como para a investigación.

Na súa segunda edición conta de novo co apoio de fabricantes de tecnoloxía e destacadas empresas do sector como HP, Bull, IBM, Fujitsu, AMD, Intel, Gompute e Dygra Films. Trátase de fomentar as prácticas e estudos que permitan unha maior aproximación dos alumnos á problemática e características do tecido industrial e ao aproveitamento da experiencia que estas empresas teñen nas materias obxecto de estudo no master.

Este apoio tradúcese en colaboracións como premios anuais ao Mellor Proxecto Fin de Master ou a inclusión en programas de bolsas e colaboración en proxectos de investigación das empresas para os alumnos con mellores cualificacións. A colaboración esténdese tamén á achega de equipamento docente, achega de relatores e asesoramento en contidos formativos, tecnoloxías, habilidades e competencias de maior interese para os profesionais do sector.

Ricardo Capilla lembrou que *“Se pretendemos favorecer a transferencia ao tecido produtivo será necesario formar profesionais que poidan dar resposta ás necesidades tecnolóxicas desas empresas”*. Neste sentido destacou as características que o fan distinto a outros similares, como o seu carácter interuniversitario e a demanda crecente na industria e grupos de investigación de especialistas en supercomputación, garantíndose así as prácticas para os estudantes. O Presidente do CESGA fixo énfase neste particular sinalando que *“a industria ten cada vez máis necesidade de contar con persoal suficientemente formado*

NOTA DE PRENSA

para poder desenvolver e resolver os problemas relacionados coa Computación de Altas Prestacións, cos que cada vez con máis frecuencia atópase, e que deberá afrontar para poder ser competitiva”.

FORMACIÓN ESPECÍFICA PARA INCORPORACIÓN LABORAL INMEDIATA

O Master en Computación de Altas Prestacións, organizado polo CESGA, UDC e USC, ten como principal obxectivo a formación de profesionais, tecnólogos e investigadores no campo da arquitectura de computadores e a Computación de Altas Prestacións. A formación académica proporcionada de investigación e de transferencia de tecnoloxía, permitirá aos alumnos incorporarse a centros ou departamentos de Innovación, Investigación e Desenvolvemento, parques tecnolóxicos, parques industriais, centros de alta tecnoloxía, e/ou empezar a realización da tese doutoral na área de HPC.

Está aberto tanto a alumnos que finalizaron recentemente os seus estudos en calquera titulación da área de ciencias ou enxeñarías e que queiran orientar a súa carreira laboral cara ao mundo da computación de altas prestacións, como a profesionais e investigadores que queiran complementar a súa formación previa coa ampliación e certificación dos seus coñecementos no campo da supercomputación. As titulacións de acceso ao Master son preferentemente Enxeñaría Informática, Grao en Enxeñaría Informática, Física, Matemáticas, e en xeral calquera outra enxeñaría ou enxeñaría técnica, licenciatura ou grao en calquera rama de ciencias.

PROGRAMA E PRAZAS

O MASTER en Computación de Altas Prestacións ofrece 25 prazas entre as dúas universidades, 13 na Universidade de Santiago de Compostela e 12 na da Coruña. O proceso de selección é independente en cada universidade. O Plan de Estudos consta de 13 materias e un Proxecto Fin de Master, repartidos en dous cuatrimestres. Os alumnos estudarán temas como a Computación en Sistemas Distribuídos, Arquitectura e Tecnoloxía dos Supercomputadores, Programación Paralela, Técnicas de Optimización e Paralelización e así até completar as 13 materias repartidas en dous cuatrimestres que, xunto co Proxecto Fin de Master, proporcionan ao estudante unha formación moi completa, preparándoo para a inclusión inmediata no mercado laboral.

Dado o carácter interuniversitario do Master de Computación, as sesións impártense simultaneamente a través de vídeo conferencia entre as aulas reservadas ao efecto en cada universidade e o Centro de Supercomputación de Galicia.

O CESGA

O Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) que depende da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), é un organismo cunha traxectoria de 18 anos. O seu obxecto é investigar, fomentar, difundir e prestar servizos de cálculo intensivo e comunicacións ás comunidades investigadoras galega e do CSIC, así como aquelas empresas ou institucións que o soliciten.

Más información:

<http://gac.des.udc.es/master/>

Contacto:

Dep. Promoción y Comunicación CESGA

Tlf. 981 569 810

promocion@cesga.es